

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 04 DE XULLO DE 2008.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **CATRO DE XULLO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnease a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia da señora tenente de Alcalde **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **Dº GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNNS.-**

**3º.- CONTRATACIÓN.-**

**4º.- SUBVENCIÓNNS.-**

**5º.- URBANISMO.-**

**6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**7º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

Non hai asuntos que tratar.

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNNS.-**

**2.1.-** Escrito de Dª Josefa Paz Maril, Rexistro de Entrada nº 3444, de data 01 de xullo de 2008, indicando que por Dº José Luis Rivas Ramos solicitouse licencia de obra menor para construción dun estanque no lugar de Carral, parroquia de Taboada, e que os datos facilitados polo peticionario non se axustan á realidade, e non cumpre coa normativa urbanística autonómica nin municipal, polo que solicitanda que o presente escrito se una o

expediente iniciado polo Sr. Rivas Ramos e se de traslado das actuacións que do mencionado expediente se deriven, coa finalidade de exercitar a defensas dos seus intereses.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o Concelleiro de Urbanismo.

**2.2.-** Escrito de Energías Renovables Montes de San Sebastián, S.L., Rexistro de Entrada nº 3487, de data 02 de xullo de 2008, solicitando devolución de avales correspondentes a obra “LAT 66 Kv P.E. Couto de San Sebastián - S.E. Portodemouros”, a nome de Enel Unión Fenosa Renovables, S.A., nº 10.690.310/85 por importe de 21.045,50 □□□ e nº 10.690.318/23 por importe de 64.633,40 □□□ respectivamente, ambos de Caja Madrid.

A Xunta de Goberno Local, por uannimidade, acorda comunicar o peticionario a denegación de devolución de aval en tanto non se efectúe o outorgamento da licencia de obra definitiva e o preceptivo informe técnico favorable o respecto.

**2.3.-** Escrito de Dº Antonio Sueiro Sánchez, Rexistro de Entrada nº 3497, de data 03 de xullo de 2008, indicando que por parte de Dº José Balo Otero estase a realizar cerramento dun camiño público no lugar de Toiriz, parcela nº 380, polo que solicita a paralización e levantamento e derrumbe da obra realizada.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado deste escrito a Polícia Local para que informen sobre os feitos expostos.

**2.4.-** Escrito da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 3448, de data 01 de xullo de 2008, comunicando o comenzo do proceso de implantación da Directiva Marco da Auga (DMA) na Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, que se está levando a cabo desde Augas de Galicia, así como a solicitude de colaboración deste Concello no mesmo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda remitilo o Concelleiro de Medio Ambiente.

**2.5.-** Escrito de Espina&Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3499, de data 03 de xullo de 2008, remitindo análise de control da auga correspondente a Rede Distribución da rúa E, nº 11 de Silleda e rúa Iryda nº 18 de Bandeira, sendo realizadas as tomas en data 25.06.08, e con resultado de auga apta para o consumo con non conformidade.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda remitir este escrito ó departamento de fontanería.

**2.6.-** Escrito de UTE Docarbo, Rexistro de Entrada nº 3436, de data 30 de xuño de 2008, comunicando a afección, con motivo das obras de Alta Velocidad - Subtramo Carboeiro-Dornelas, á estrada Abades a Reboreda, e que nas cercanías da graxa escola “Fervenza do Toxa” existe unha curva de radio pequeno que non ten protección a un lado, e que por solicitude dos veciños vanse a colocar unha barreiras provisionais en dita curva.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.7.-** Escrito da empresa Explotación Minera de Campomarzo, S.A., Rexistro de Entrada nº 3415, de data 27 de xuño de 2008, remitindo relación dos vertidos recepcionados o longo do mes de maio de 2008, que ascenden a 3.775,88 Tn.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.8.-** Escrito de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Muras Barreira, Rexistro de Entrada nº 3361 e 3362, ambos de data 26 de xuño de 2008, e nº 3416 e 3426, ambos de data 27 de xuño de 2008, comunicando que:

- (Rexistro nº 3361) que con motivo das obras de realización de limpeza en cunetas na finca “Fonte das Meigas” (Polígono 502 - Parcela 72) en Siador (Silleda), producíronse danos en postes de pedra e madeira limitadores da parcela, ademais de ocupar esta coa totalidade dos restos de arbolado existentes en dominio público e privado, polo que solicita a reparación dos danos causados e a retirada dos restos de arbolado.

- (Rexistro nº 3362) que a cuneta da finca denominada Boucheira (Polígono 501 - Parcela 11) en Siador (Silleda), encheuse de grava tapando os marcos casi na súa totalidade e non deixando correr a auga, polo que solicita se proceda a apertura da cuneta na curva sin tirar os marcos nin o cierre.

- (Rexistro 3416)que con motivo das obras de realización de limpeza en cunetas na finca “Fonte das Meigas” (Polígono 502 - Parcela 72) en Siador (Silleda), a excavadora realizou parte da apertura da cuneta de dita finca. Asimesmo, a outra cuneta vai en linea recto o camiño cunha anchura de 70 cm na tagea, dende a boca deste o torreón da finca, e no seu lateral mide 1 m e 70 cm dende a boca da tagea ó torreón da finca. Por elo solicita se repoña a terra e se volva abrir a cuneta e que non se coloquen mais tubos na tagea car a súa finca e ancho de camiño, según plano e expediente da concentración parcelaria.

- (Rexistro 3426) que como continuación ó escrito con Rexistro de Entrada 3416, indicando que se sacaron todos os ábores solicitando que se repoñan os da súa propiedade. Asimesmo indica que a anchura da tagea que cruza o camiño é de 4,50, polo que solicitan que non se poñan mais tubos xa que esto supondría un ancheamento de camiño e non unha limpeza de cuneta, e que o camiño non se amplíe hacia súa finca.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado destes escrito á Policia Local para que procedan a emitir informe sobre os mesmos.

**2.9.-** Escrito de D<sup>a</sup> Concepción lareo Viz, Rexistro de Entrada nº 3360, de data 26 de xuño de 2008, indicando que cerca da vivenda da súa propiedade, sita no lugar de Santa Baia, nº 4, parroquia de Cira (Silleda), discurre a vía ferrea Zamora-A Coruña e que na actualidade, os lados da vía está repleto de maleza que chega o lado da súa vivenda e propiedade, polo que solicita que por parte de Renfe se proceda a limpeza dos mencionados márxenes da vía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó ADIF.

**2.10.-** Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 3343, de data 25d e xuño de 2008, remitindo resolución do director xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza ó arqueólogo Dº Pablo Vázquez Liz para a realización dunha prospección arqueolóxica para o estudo de impacto ambiental da zona de concentración parcelaria de San Miguel de Oleiros (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.11.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 3346, de data 25 de xuño de 2008, expediente DH.A36.12226 a nome de Dª Esther e Dº José Ignacio Liste Fernández, remitindo resolución de data 17 de xuño de 2008 de concesión dun caudal de auga de 0,08 l/s procedente de dous manaciais situados no lugar de San Fiz, parroquia de Margaride (Silleda), para uso doméstico e rega de fincas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

### **3º.- CONTRATACIÓN.-**

**3.1.-** Dase conta da proposta formulada polo Concelleiro de Obras, D. Manuel Cuíña Fernández, de data 22 de maio de 2.008, de proceder á selección dun peón palista para o departamento de Obras e Servizos do Concello de Silleda, a través da modalidade contractual de servizo determinado e por un período dun ano, como consecuencia da xubilación da persoa que viña desenrolando este posto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Iniciar a tramitación do expediente de contratación de dito persoal, comezando pola elaboración das bases de selección para a súa posterior aprobación, previo o informe de intervención.

#### **3.2.- Contrato de Servizos para a elaboración do estudo denominado “Potenciación. Economía e Creación de Emprego”**

Vista a resolución do director xeral de Promoción de Emprego, mediante a que se concede subvención para a realización do estudo/informe/campaña denominado “POTEC. ECON. E CREAC. EMPREGO” ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2007.

Vistos os arts. 95 e 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que permiten calificar o presente contrato como menor.

Considerando que existe consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto, con cargo á partida orzamentaria 322.227.06 do orzamento municipal vixente.

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada mediante acordo plenario de 06 de xullo de 2.007.

Por todo isto a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

- 1.- Adxudicar o contrato menor, por razón da contía, para a elaboración do estudo denominado “Potenciación. Economía e Creación de Emprego” a “Asociación Seminario de Estudios Socioeconómicos de Pontevedra Carlos Velasco”, con domicilio na rúa Michelena, nº 1-5º G e H de Pontevedra e CIF nº G-36364818, polo importe de 17.171,00 □□□
- 2.- Autoriza-lo gasto por importe de 17.171,00 □□□, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.
- 3.- Dispensar ó adxudicatario da constitución de garantía definitiva, por tratarse dun contrato menor, no que a presentación da factura regulamentariamente emitida conclue o expediente de adxudicación.
- 4.- Requerir a incorporación ó expediente, da factura correspondente, que deberá reunir los requisitos establecido nas normas de desenrollo da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- 5.- Dar traslado deste acordo á Intervención Municipal e notificalo ó interesado.
- 6.- Facultar á Sra. Alcadesa-Presidenta da Corporación, tan ampliamente como en derecho se requira, para a firma e formalización do oportuno contrato en documento administrativo.

### **3.3.- Contrato de Servizos para “Medio Ambiente Sostido, Medio Ambiente Divertido”**

Visto que por resolución da dirección xeral de Desenvolvemento Sostible, de data 19 de xuño de 2008, concédese unha subvención para a realización do programa “Medio Ambiente Sostido, Medio Ambiente Divertido” ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2008, pola que se establecen axudas para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade.

Vistos os arts. 95 e 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que permiten calificar o presente contrato como menor.

Considerando que existe consignación orzamentaria para fazer fronte a este gasto, con cargo á partida orzamentaria 121.226.08 do orzamento municipal vixente.

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada mediante acordo plenario de 06 de xullo de 2.007.

Por todo isto a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

- 1.- Adxudicar o contrato menor, por razón da contía, para o programa denominado “Medio Ambiente Sostido, Medio Ambiente Divertido” a Servicios de Ocio Educativo, S.L., con domicilio en Paredes, 106 - Vilaboa (Pontevedra) e CIF nº B-36481703, polo importe de 10.135,00 □□□

- 2.- Autoriza.-lo gasto por importe de 10.135,00 □□□, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.
- 3.- Dispensar ó adxudicatario da constitución de garantía definitiva, por tratarse dun contrato menor, no que a presentación da factura regulamentariamente emitida conclue o expediente de adxudicación.
- 4.- Requerir a incorporación ó expediente, da factura correspondente, que deberá reunir los requisitos establecido nas normas de desenrollo da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- 5.- Dar traslado deste acordo á Intervención Municipal e notificalo ó interesado.
- 6.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, tan ampliamente como en dereito se requira, para a firma e formalización do oportuno contrato en documento administrativo.

#### **4º.- SUBVENCIÓNS.-**

**4.1.-** Dase conta da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 26 de maio de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2008.

Visto o disposto no artigo 1.3 letra f) das sinaladas bases.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ó abeiro da Orde do 26 de maio de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2008, unha subvención de 43.031,16 euros, para a prestación dos seguintes servizos: “Esperca con nos”, “Acompáñanos” e “Redes de apoio”.

**4.2.-** Escrito do Servizo de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 3395, de data 27 de xuño de 2008, comunicando a asignación da cuantía de 2.000,00 □□□ para a realización da actuación “Festa da Empanada de Bandeira”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda manifestar a súa conformidade.

#### **5º.- URBANISMO.-**

**5.1.-** Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup> BEGOÑA CIBEIRA CASTRO, Rexistro de Entrada nº 3349, de data 25 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 12 m<sup>2</sup> de vía pública, frente o local denominado “Hostelería Cibeira, S.L.”, situado na rúa Venezuela, nº 2 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D<sup>a</sup> BEGOÑA CIBEIRA CASTRO para ocupación de 12 m<sup>2</sup> de vía pública, frente o local denominado “Hostelería Cibeira, S.L.”, situado na rúa Venezuela, nº 2 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

**5.2.-** Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup> DOLORES JOSEFA MATO GÓMEZ, Rexistro de Entrada nº 3419, de data 27 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 12 m<sup>2</sup> de vía pública, frente o local denominado “Bar A Pedra”, situado na rúa María Colmeiro, nº 8 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D<sup>a</sup> DOLORES JOSEFA MATO GÓMEZ para ocupación de 12 m<sup>2</sup> de vía pública, frente o local denominado “Bar A Pedra”, situado na rúa María Colmeiro, nº 8 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

**5.3.-** Visto o escrito presentado por D<sup>o</sup> RICARDO GONZÁLEZ LUACES, Rexistro de Entrada nº 3417, de data 27 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 29,70 m<sup>2</sup> de vía pública, frente o local denominado “Os Toneles”, situado na rúa Do Trasdeza, nº 89 baixo (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D<sup>o</sup> RICARDO GONZÁLEZ LUACES para ocupación de 8 m<sup>2</sup> de vía pública, frente o local denominado “Os Toneles”, situado na rúa Do Trasdeza, nº 89 baixo (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

**5.4.-** Visto o escrito presentado por D<sup>o</sup> ALFREDO RAMOS MOSQUERA, Rexistro de Entrada nº 3461, de data 01 de xullo de 2008, solicitando ocupación de 22,48 m<sup>2</sup> de vía pública, frente o local denominado “Café-Pub Rosebud”, situado na Praza da Feira (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D<sup>o</sup> ALFREDO RAMOS MOSQUERA para ocupación de 12 m<sup>2</sup> de vía pública, frente o local denominado “Café-Pub Rosebud”, situado na Praza da Feira (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

## **5.5.- Actividades Clasificadas**

**5.5.1.-** Licencia nº 4724/06. Visto o expediente instruido a instancia de D<sup>o</sup> MANUEL IGLESIAS LOUZAO, con domicilio a efectos de notificacións na rúa M<sup>a</sup> Colmeiro, nº 8 (Silleda), que solicita a regulamentaria licencia municipal para apertura de local para dedicalo a café-bar, a situar na rúa Avda. do Parque, nº 7 baixo (Silleda)

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de maio de 2.007, se concede licencia provisional de actividade á licencia de obra solicitada debendo cumplirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, e informe xurídico municipal, non poidendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva.

Visto que, polo interesado se presenta certificación final de obras asinado polo Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, de data 26 de xuño de 2007, (Rexistro de Entrada nº 2960, de 27.06.07), sin visar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Asesor Técnico Municipal, de data 24 de xuño de 2.008, acorda a concesión de licencia de actividade a Dº MANUEL IGLESIAS LOUZAO, para apertura de local para dedicalo a café-bar, a situar na rúa Avda. do Parque, nº 7 baixo (Silleda).

**5.6.-** Escrito de Dª Susana Penido Conde, Rexistro de Entrada nº 3473, de data 01 de xullo de 2008, solicitando que a Cooperativa Indega dispoña dunha licenza de actividade actualizada e legalizada conforme ás actividades que se desenrolan na Cooperativa e dende antes da fusión (Sila Soc. Coop - Os Chaos Soc. Coop), as cales son: venda ó por maior de leite crú, fabricación de pienso, venda de productos zoosanitarios, venda de cereais, venda de gasóleo A e B, supermercado, tenda agraria e venda de adubos, así como servizos de asesoramento e xestión gandeira-forestal e servizos de maquinaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda informar que non é posible a tramitación da legalización das actividades sin a previa presentación da documentación esixida pola Lei 9/2002 e polo Raminp, requeríndolle que presenten a documentación preceptiva a maior brevidade, por estar desenrolando unha actividade ilegal pola que se podería iniciar un procedemento sancionador.

**5.7.-** Escrito de Dº Luis, Dº Esther Moreira Matos e outros propietarios, Rexistro de Entrada nº 3477, de data 02 de xullo de 2008, no que expoñen que son propietarios dun solar, sito na rúa Xeral, Callello da Empanada en Bandeira (Silleda) e que presentan proposta de execución da sentencia nº 1225/2000 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, acordo coas especificacións do expediente técnico; polo que solicitan, previos os trámites e informes que se consideren necesarios, lle sexa permitido realizar a proposta da execución da sentencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar o visto bó á proposta e comunicar ós solicitantes que deberán presentar o correspondente proxecto de demolición para executar a mesma.

**5.8.-** Escrito de Dº Félix García Fraiz, Rexistro de Entrada nº 3494, de data 03 de xullo de 2008, comunicando que por parte da súa veciña Dª Aurelia Otero González, con domicilio no lugar de O Marco - Siador, estase realizando reformas no galpón da súa propiedade, e que cree que están fora da Lei por non gardar a distancia que manda o regulamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policia Local para que informe sobre o mesmo.

**5.9.-** Dase conta do informe da Policia Local nº 212/08, de data 24 de xuño de 2008, en relación o escrito presentado por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Sonia García Dobarro (Rexistro de Entrada nº 2160, de 05.05.08) sobre solicitude de vado permanente na rúa M<sup>a</sup> Colmeiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste informe e remitir copia do mesmo a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Sonia García Dobarro.

**5.10.-** A Xunta de Goberno Local, en relación o informe da Policia local nº 11/08, de data 07 de xaneiro de 2008, sobre excavación na parcela 8A do Parque Empresarial Área-33 de Silleda, propiedade de Aluminio Coego S.L., acorda solicitar da Policia Local un novo informe para determinar a situación actual do terreo.

**5.11.-** Dase conta do escrito remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 3309, de data 24 de xuño de 2008, remitindo denuncia formulada pola Garda Civil, Posto de Cruces, contra o establecemento denominado “Club Tris-Tras”, sito en Chapa (Silleda), informando asimesmo que o citado establecemento atópase legalizado como Bar (V-PO-5088) no Servizo Provincial de Turismo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

#### **6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**6.1.-** Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, D<sup>a</sup> Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servicio de Axuda a Domicilio, Rexistro de Entrada nº 3543, de data 04 de xullo de 2008, correspondente a Dona Concepción Victoria Cagide González, con domicilio no lugar de Carral, nº 4, parroquia de Taboada (Silleda)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Axuda a Domicilio de Dona Concepción Victoria Cagide González.

**6.2.-** Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, D<sup>a</sup> Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servicio de Axuda a Domicilio, Rexistro de Entrada nº 3544, de data 04 de xullo de 2008, correspondente a Dona Josefa Collazo Otero, con domicilio no lugar de Barravaite, nº 6, parroquia de Lamela (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Axuda a Domicilio de Dona Josefa Collazo Otero.

#### **7º.- INTERVENCIÓN.-**

Non hai asuntos que tratar.

**ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,